


# POR QUE SOA ASÍ UN ACORDE?

## Estudo dos acordos a través do ukelele


O ukelele é un instrumento polifónico que nos permite tocar acordos, é dicir, **SONS QUE SE PRODUCEN DE MANEIRA SIMULTANEA**, así que imos a repasar harmonía a través da práctica do ukelele.

1. Primeiro temos que ter en conta que a distancia que existe entre dous sons, chámase **INTERVALO**. O intervalos clasifícanse de varias formas, pero a primeira é numérica, é dicir, polo número de notas que o forman:



2. Os acordos máis elementais fórmanse superpoñendo terceiras: por exemplo, o acorde de Do (C), fórmase coas notas Do, Mi, Sol, soando de forma simultánea (á vez). Despois podemos duplicar algún dos sons (ou notas). A nota que da nome ao acorde coñécese co nome de **fundamental**.

3. Agora veremos qué notas tocamos no ukelele cando interpretamos o acorde de Do (C)




Lembrete que cada traste do ukelele ou guitarra, aumenta a altura do son medio tono (1 semitón).

No acorde de Do, as cordas 2, 3 e 4 quedan ao aire, así que ahí teremos os sons Mi, Do, Sol e a corda 1ª, co dedo no terceiro traste, será o son Do.


Estaremos interpretando simultaneamente Do, Mi, Sol e duplicando a nota Do.

4. Aquí temos outro exemplo co acorde de Fa (F)



Neste caso ides formar vó o acorde: pensade nos sons que producen as cordas 1 e 3 ao aire e despois as cordas 2 e 4 cos dedos nesos trastes. Lembra de que cada traste aumenta un semitón. Qué nota se duplica neste caso?.

Colócaas no seguinte pentagrama.



Agora segue cos acordes de Re, Mi, Sol, La... (D, E, G, A). Todos estes son acordes maiores.

Pronto veremos o que os diferencia doutros acordes. Só acabamos de comezar.

